



PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER OFICIAIS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA IMPARTIDOS EN CENTROS NON ACREDITADOS INSTITUCIONALMENTE – IMPLANTACIÓN CURSO 2025/26

O Real decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade (<https://www.boe.es/buscar/pdf/2021/BOE-A-2021-15781-consolidado.pdf>), establece nos artigos 30 e 31 o **procedemento que deben seguir as universidades para a modificación non substancial das ensinanzas oficiais de grao e máster**. Así mesmo, na disposición transitoria quinta establece:

1. Os títulos universitarios oficiais deberán adscribirse a un ámbito de coñecemento no prazo máximo de catro anos contados desde a entrada en vigor deste real decreto. Para tal efecto, a universidade solicitará a correspondente modificación e poderá optar por modificar tan só os aspectos relacionados coa adscrición a un determinado ámbito de coñecemento ou ben adaptar a memoria de verificación do plan de estudos ao modelo establecido no presente real decreto.

O **procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e máster** da ACSUG (http://www.acsug.es/sites/default/files/Guia%20Modificacion%20G-M_Marzo-2023_Publicacion_web.pdf) determina que modificacións da memoria de verificación dos títulos de grao e máster poden considerarse como non substanciais. Ademais, establece o prazo (do 1 ao 31 de decembro) e o formulario de presentación de solicitudes de modificacións non substanciais, así como o procedemento que deben seguir os centros non acreditados institucionalmente.

O **procedemento na UDC para a modificación non substancial de títulos de grao e máster impartidos na UDC** aprobado por Consello de Goberno o 1 de outubro de 2024 establece os pasos que deben seguir os **centros, estean ou non acreditados institucionalmente**.

Procedemento

As propostas de modificacións non substanciais dos títulos de grao e máster tramitaranse seguindo os prazos previstos no **Calendario para a tramitación de modificacións non substanciais en centros non acreditados institucionalmente (Anexo I)**.

Para tal fin, a xunta de centro, a iniciativa da comisión da titulación, da comisión académica do centro ou da vicerreitoría con competencias en materia de títulos, aprobará a proposta de modificación da memoria do título que seguirá o formato de solicitude de modificacións non substanciais que se recolle no anexo II deste documento. Esta proposta será remitida á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VTI) xunto co informe favorable elaborado polo Sistema Interno de Garantía de Calidade do Centro.

A Comisión de Plans de Estudos analizará a proposta presentada e emitirá un informe non vinculante, que será remitido para a súa aprobación en Consello de Goberno.

A proposta aprobada será remitida por parte da Universidade á ACSUG para a súa aceptación. Unha vez aceptada a proposta de modificación pola ACSUG, o centro incorporará as modificacións á memoria do título a través da aplicación do Ministerio de Universidades.

**ANEXO I: CALENDARIO PARA A TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DOS TÍTULOS DE GRAO E MÁSTER IMPARTIDOS EN CENTROS NON ACREDITADOS INSTITUCIONALMENTE PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NO CURSO 2025/2026**

Data límite	Órgano responsable	Accións que cómpre realizar
8 de novembro de 2024	Xunta de centro (XC)	Remisión á VTI da proposta de modificación xunto co informe favorable do SIGC certificado pola/o secretaria/o académica/o do Centro
20 de novembro de 2024	Servizo de Organización Académica (SOA) / Unidade Técnica de Calidade (UTC)	Revisión das propostas de modificación
Novembro de 2024	Comisión de Plans de Estudos	Realización de informe sobre as propostas de modificación
Novembro de 2024	Consello de Goberno	Aprobación das propostas de modificacións non substanciais
Decembro de 2024	Responsable do título e VTI	Envío á ACSUG da proposta de modificacións non substanciais

**ANEXO II: FORMULARIO DE SOLICITUDE DE MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS
PARA TÍTULOS DE GRAO E MÁSTER****DATOS BÁSICOS DO TÍTULO**

Universidade	
Centro	
Denominación	
Ámbito de coñecemento	
Código RUCT	
Modalidade de ensinanza	

DESCRICIÓN DA MODIFICACIÓN NON SUBSTANCIAL

Para cada apartado, deberase incluír un texto que identifique a modificación.

Deberase xustificar a modificación solicitada e, no seu caso, achegar a versión modificada do apartado correspondente da memoria onde se identifique claramente a modificación que se solicita respecto da memoria inicial.

1. Descrición, obxectivos formativos e xustificación do título
2. Resultados do proceso de formación e aprendizaxe
3. Admisión, recoñecementos e mobilidade
4. Planificación das ensinanzas¹
5. Persoal académico e de apoio á docencia
6. Recursos para a aprendizaxe: materiais e infraestruturas, prácticas e servizos
7. Calendario de implantación do título
8. Sistema Interno de Garantía de Calidade

¹ As titulacións de grao deberán adscribir as distintas materias de formación básica a un ámbito de coñecemento (Anexo I – RD 822/2021), tendo en conta que, polo menos, a metade dos créditos de formación básica do título estarán vinculados ao mesmo ámbito de coñecemento ao que se adscribe a titulación.



Conforme o establecido no artigo 30 do Real decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e o procedemento de aseguramento da calidade, **a Universidade achega xunto con esta solicitude a seguinte documentación:**

- Informe favorable á modificación no substancial do SIGC do centro.
- Documento en que conste que a modificación foi aprobada polos órganos de goberno da Universidade.

ASDO.:
RESPONSABLE DA UNIVERSIDADE